



## **PROPOSTAS DE ANPE PARA O DEBATE SOBRE O PACTO DE ESTADO**

**ANPE** ven de presentar unha serie de propostas para o debate articuladas en torno ao que nos parece que deben ser os pilares do pacto pola educación:

- O modelo e estrutura do sistema educativo.
- A vertebración e cohesión do sistema educativo, que conleva a coordinación e cooperación entre todas as administracións educativas.
- A financiación do ensino.
- A situación do profesorado e o seu desenvolvemento profesional.
- O funcionamento dos centros e o desenrolo da súa autonomía pedagóxica e organizativa, así como a regulación da participación e do principio de liberdade de elección de centro.

A partir destas premisas, as propostas que ANPE presenta para o debate son:

### **SOBRE A EDUCACIÓN INFANTIL**

- Unha aposta decidida pola rede pública da educación infantil, que debe ofertar á poboación o maior número de prazas posibles.
- Un compromiso de redución das rateos para mellorar a calidade do ensino e das aprendizaxes.
- Un compromiso de dotación de técnicos superiores de educación infantil e persoal auxiliar en todos os centros.
- Un esforzo paraa detección e atención das necesidades específicas de apoio educativo.
- Unha garantía de optimización das aprendizaxes na etapa 3-6 anos, que permita a iniciación da aprendizaxe da lectura, escritura e cálculo naqueles alumnos cuxo nivel de maduración o faga posible.



- Un esforzo para favorecer nesta etapa a implantación de ensinanzas especializadas (música, psicomotricidade, lingua estranxeira).
- Un compromiso de garantir as inversións materiais necesarias para o cumprimento en todos os centros das medidas básicas de seguridade, condicións hixiénicas, adecuación dos espazos e dotación de material.

### **SOBRE A ENSEÑANZA PRIMARIA**

**ANPE** propón como liñas abertas para o debate:

- A definición clara de que coñecementos, destrezas e competencias deben estar afianzadas ó remate do ensino primario.
- A garantía de atender as necesidades de apoio e orientación dos alumnos do xeito máis individualizado.
- O reforzo das técnicas instrumentais básicas.
- O impulso decidido ó ensino de linguas estranxeiras e á educación física e o deporte en todos os centros educativos.
- A implantación de programas de reforzo e de acompañamento escolar sobre todo nos últimos cursos da etapa, para facilitar a transición a secundaria.
- O compromiso de desenrolo dos plans de fomento da lectura e de implantación das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Partindo dunha boa determinación dos obxectivos necesarios para superar a ensinanza Primaria, o deseño dunha avaliación final da etapa que facilite a transición a secundaria.

### **SOBRE A ENSEÑANZA SECUNDARIA**

- Destinar ás ensinanzas xerais os tres primeiros cursos de ESO e converter o cuarto nun curso de carácter orientador en dúas modalidades: cara o bacharelato, e cara a formación profesional, garantindo en todos os casos a obrigatoriedade de escolarización ata os dezaséis anos.



- **Desenrolar plenamente os Programas de Cualificación Profesional Inicial permitindo o acceso a eles dende os quince anos.**
- **Potenciar con todos os recursos humanos e materiais necesarios a atención ás necesidades educativas durante os tres primeiros cursos da ESO, mantendo os programas de diversificación curricular.**
- **Manter as modalidades actuais de bacharelato, distribuíndo máis racionalmente os seus contidos ó longo de tres cursos.**
- **Outorgar a máxima importancia ó paso da primaria á ESO, e desta ó bacharelato e á formación profesional, favorecendo a coordinación entre os equipos docentes de todas as etapas.**
- **Establecer un sistema de pasarelas flexibles entre todas as modalidades.**
- **Flexibilizar as adscripcións dos centros de primaria ós de secundaria, no marco da autonomía dos centros.**
- **Apostar decididamente pola implantación dos idiomas extranxeiros.**
- **Impulsar durante a ESO a orientación profesional e a información sobre as posibilidades educativas da formación profesional, a súa oferta e as súas expectativas de emprego.**
- **Establecer un sistema de certificacións que xustifiquen os estudos realizados polos alumnos.**
- **Introducir o rigor na avaliación, e a valoración do esforzo do alumnado para acadar logros personais.**
- **Adicar atención específica ós alumnos con altas capacidades.**
- **Rediseñar as competencias e o número de profesionais dos equipos de orientación para aumentar a súa eficacia.**
- **Promover as ensinanzas de adultos insertándoas axeitadamente na flexibilidade do sistema.**
- **Potenciar as ensinanzas de réxime especial: escolas oficiais de idiomas, conservatorios de música e danza e escolas de arte e deportivas, estendéndoas e favorecendo a súa especialización.**



## **SOBRE A FORMACIÓN PROFESIONAL**

**ANPE** ven de presentar recentemente diante do Ministerio de Educación un texto base para conseguir un acordo pola Formación Profesional. O Pacto de Estado, ó abordar a Formación Profesional debe tomar en consideración:

- O aumento da oferta das ensinanzas profesionais.
- O establecemento dun mapa de centros de formación profesional - integrados, de referencia e específicos - de todo o Estado.
- O desenrolo dun marco estatal único.
- O establecemento de requisitos homoxéneos de esixencia e calidade nas ofertas formativas.
- A creación dun sistema integrado de información e orientación profesional e escolar encamiñado ós obxectivos do Sistema Nacional de Cualificacións.
- A promoción do espacio aberto europeo de educación e formación e do sector laboral europeo.
- O establecemento dunha maior flexibilidade entre os ciclos formativos, o bacharelato e outros estudos.
- O fomento de accións formativas on line.
- A adopción de medidas para a recuperación de xoves sen titulación para o sistema educativo.
- A promulgación dunha Lei de Financiación para as ensinanzas profesionais
- A promoción da formación profesional, garantindo a calidade destas ensinanzas, a súa avaliación e seguimento.
- A mellora da imaxen social da formación profesional para que estas ensinanzas sexan tan demandadas como as ensinanzas universitarias.



## **SOBRE A VERTEBRACIÓN E COHESIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO**

O Pacto de Estado pola educación, precisamente pola súa vocación de política de Estado, debe afirmar expresamente:

- A garantía dunhas ensinanzas básicas comúns a todo o Estado.
- A coordinación e cooperación entre todas as administracións educativas.
- A garantía para todos os alumnos do dominio da lingua común do Estado xunto ás linguas cooficiais das súas respectivas comunidades autónomas.

## **SOBRE A FINANCIACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO**

O Pacto de Estado debe comprometerse a elevar substancialmente a porcentaxe do PIB destinado á educación, tanto no Estado como nas comunidades autónomas e asegurar o seu mantemento mediante unha lei de financiación que estableza prazos concretos para alcanzalo.

## **SOBRE O PROFESORADO**

**ANPE** propón incidir en dous aspectos fundamentais:

### **A. O ESTATUTO DOCENTE**

Consideramos que o marco do Pacto de Estado sería unha oportunidade única para:

- Definir un modelo de función pública docente compatible coa articulación de políticas propias de recursos humanos polas distintas administracións educativas, mantendo o carácter estatal dos corpos docentes e respetando a singularidade dos ámbitos das comunidades autónomas.
- Desenrolar un sistema de acceso á función pública docente máis eficaz, acorde cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.
- Establecer a normativa dos dereitos e deberes do profesorado.
- Mellorar as condicións laborais dos docentes, establecendo as condicións da xubilación voluntaria anticipada, as de seguridade e saúde no traballo, as de mobilidade e as retribucións.
- Establecer unha carreira profesional que permita un sistema de promoción vertical e horizontal incentivada.



## **B. A AUTORIDADE DO PROFESORADO**

O marco dun Pacto de Estado pola educación pode ser o contexto no que o recoñecemento da autoridade pública do docente no exercicio da súa función en todo o Estado se estableza como unha mensaxe á sociedade acerca da importancia da tarefa educativa.

### **SOBRE AUTONOMÍA E FUNCIONAMIENTO DOS CENTROS EDUCATIVOS**

A mellora da calidade do sistema educativo pasa, sen embargo, porque os centros educativos conten con autonomía suficiente, sulleita á avaliación externa, para:

- Escoller o modelo de xornada escolar que responda mellor ós intereses da comunidade educativa.
- Establecer programas de innovación, especialización en áreas determinadas, firma de convenios con entidades e acceder a recursos destinados ás boas prácticas educativas.
- Promover a diversificación da oferta educativa.
- Dispoñer de autonomía de elaboración curricular respectando os mínimos legais establecidos.
- Abrir ós centros a posibilidade de especializarse nalgunha ensinanza concreta, dacordo cos proxectos de innovación dos seus claustros.
- Asociar a formación permanente do profesorado ás necesidades e características concretas dos centros educativos, voltando á idea de “formación en centros”.

### **OUTRAS PROPOSTAS**

- A escolarización equilibrada dos alumnos en todos os centros sostidos con fondos públicos.
- A prioridade da ensinanza pública na creación de novos centros educativos.
- Un esforzo por conxugar a necesidade de que os directores de centros sexan membros dos claustros docentes e elexidos por eles, coa súa “profesionalización” en forma de preparación específica para facer fronte a súa responsabilidade.



- Un compromiso para reducir ó mínimo imprescindible a cantidade de tarefas burocráticas que levan a cabo os docentes, en beneficio da dedicación específica á docencia.
- Un esforzo por continuar os programas de implantación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Un compromiso de impulsar as competencias técnico- profesionais dos claustros de profesores.
- O establecemento da figura de “profesor tutor de prácticas de formación do profesorado”, con preparación específica e incentivos profesionais.
- A incorporación ó sistema educativo de avaliacións externas.
- Un esforzo por valorar o esforzo individual dos alumnos, a responsabilidade e o rigor como determinantes para o proceso educativo.

**ANPE Sindicato Independiente de Enseñanza**